

Anuncio convocatoria 29º edición da Feira do Galo de Nadal 2021

O Concello de Arteixo anuncia a convocatoria da 29º edición da FEIRA DO GALO DE NADAL 2021, de conformidade ás bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 28 de outubro de 2021, e que se publican a continuación e que permanecerán expostas ao público durante o prazo de presentación de solicitudes:

BASES

1. Concello de Arteixo, a través súa Concellería de Promoción Económica, convoca o “29ª Feira do Galo do Nadal 2021”.
2. Poderán participar neste concurso todas as persoas físicas que presenten ao concurso galos vivos de curral ou cestas con galos de curral preparados.
3. Para inscribirse no concurso, deberán entregar entre as 8:00 e as 11:00 do día 18-12-2021, aos responsables municipais da Feira unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado a tal efecto e que se transcribe deseguido:

“SOLICITUDE DE INSCRICION NO 29ª FEIRA DO GALO DE NADAL 2021

Número:

Nome do Criador:

Nif:

Teléfono:

Peso:

Procedencia

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.”

4. Os galos vivos e as cestas con galos preparados serán examinadas polo xurado o día 18-12-2021, entre as 11:00 e as 12:00 horas.

5. O xurado estará composto por:
 - a. Tres expertos criadores de galos.
 - b. O responsable municipal da Feira ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario do xurado.
6. Establécense catro categorías de premios dotados coas seguintes contías:
 - Categoría de Galo Vivo:
 - 1º Mellor galo vivo - 300 euros (trescentos euros)
 - 2º Mellor galo vivo - 200 euros (douscentos euros)
 - 3º Mellor galo vivo - 150 euros (cento cincuenta euros)
 - 4º Mellor galo vivo - 100 euros (cen euros)
 - Categoría de Cesta de Galo Preparado:
 - 1º Cesta mellor presentada - 200 euros (douscentos euros)
 - 2º Cesta mellor presentada - 150 euros (cento cincuenta euros)
 - 3º Cesta mellor presentada – 100 euros (cen euros)
 - a. Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante pago en metálico, por parte dos responsables da Feira Municipal.
 - b. Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.
7. O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.
8. A adxudicación dos premios farase en función tendo en conta os seguintes criterios:
 - Ser de curral
 - Alimentado con millo
 - Criado en liberdade
 - Tempo ideal un ano ou ano e medio
 - Plumaxe louro, moreno
 - Crista grande
 - Patas dereitas e amarelas

9. O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer as 13:00 do día 18-12-2021.
10. O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases.